



BASES REGULADORAS DA CAMPAÑA “BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN” DESTINADA AO FOMENTO DA DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL.

1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto desta iniciativa é dinamizar o comercio local e reactivar a actividade económica e social de Marín mediante a posta en marcha dun sistema de bonos desconto ao consumidor non nominativos.

A Concellería de Comercio e Turismo do Concello de Marín pon en marcha, en colaboración coa Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín durante o 13 de febreiro ao 13 de marzo do presente ano 2026, unha nova iniciativa “BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”, mediante a emisión de Bonos para o consumo, nos establecementos de comercio polo miúdo (véxanse epígrafes IAE na táboa anexa), contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local con motivo de dotar de liquidez aos negocios como motor de desenvolvemento económico, e para o mantemento e a creación de emprego a nivel local, axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e empresariais, que sendo transversais a todos os sectores, son vitais para a actividade económica.

Por este motivo, resulta imprescindible e necesaria a posta en marcha dun instrumento público.

As Bases reguladoras da iniciativa “**BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN**”, son as seguintes:

2. ORZAMENTO

O Concello de Marín destina ao programa un crédito de **6.000€** para a primeira convocatoria dos “**BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN**”, crédito que xestionará a **Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín**, xa que conta con toda a **loxística dixital necesaria para levar a cabo a campaña, nas mellores condicións de trazabilidade e medición do impacto real da acción.**

Os restantes **12.000€**, provirán dos clientes interesados con facerse con algún dos 600 bonos de 10€ que se poñen en circulación, xa que deberán rexistrarse no sistema



habilitado para tal fin, adquirindo un bono de 20€, que se verá incrementado en 10€, resultando un importe total de 30€, que poderán canxear nos establecementos participantes dun xeito parcial ou total.

3. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

Serán subvencionables as vendas realizadas polos establecementos adheridos nas que se empreguen os bonos, os cales serán posteriormente reembolsados pola Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, na súa totalidade ao establecemento.

A finalidade destas axudas é facilitar medios aos negocios adheridos ao programa a través da plataforma <https://www.comerciodemarin.com/establecementos> e desta maneira intentar manter o tecido laboral do comercio existente no Concello de Marín,

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Serán beneficiarios directos dos bonos, os clientes empadroados no Concello de Marín, que unha vez rexistrados no club de fidelización “Comercio de Marín”, merquen un bono de 20€. Unha vez recibida a transacción, cargarase un bono total de 30€, resultante da suma da súa compra (20€) e dos 10€ que engaden a maiores.

5. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA POR PARTE DO TECIDO COMERCIAL.

Os establecementos que desexen adherirse ao programa “BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN” deberán rexistrarse a través do formulario web que se habilitará para tal fin e indicar a seguinte información:

- Nome e apelidos ou razón social.
- Establecemento comercial.
- NIF ou CIF.
- Nome, apelidos e DNI o NIE da persoa representante (no seu caso).
- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento.



- Número de teléfono.
- Correo electrónico.
- IAE.
- Número de conta bancaria para a consignación dos aboamentos que correspondan en función dos bonos canxeados.
- Logotipo ou imaxe do comercio.

O prazo para adherirse ao programa permancerá activo durante a vixencia da campaña e abrirase o máis axiña posible, para subir a todos os participantes o máis axiña posible.

Poderán adherirse ao programa **“BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”** os establecementos comerciais retalistas que cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede de actividade no municipio de Marín e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
- b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

A alta e o uso da aplicación “Comercio de Marín” polos comerciantes suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informados convenientemente.

Os comerciantes, deberán declarar o cumprimento das condicións e requisitos de participación establecidos e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigados a cumprir. O Concello de Marín poderá comprobar ou, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

Non se admitirán nin terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta convocatoria.



O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa **“BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”** farase público na web <https://www.comerciodemarin.com/establecementos>

Os distintivos ou cartelería acreditativos da participación ao programa **“BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”**, estarán a disposición dos establecementos, na sede social da asociación centro comercial Local Estrela de Marín, sita na Rúa Real nº 10 baixo) en horario de 09 a 14. No momento da entrega do material da campaña, explicaráselles o funcionamento do sistema para poder canxear os bonos.

Entenderase que os establecementos que non coloquen en lugar visible os distintivos renuncian á participación, quedando automaticamente excluídos da Campaña **“BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”**

6. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

O establecemento adherido comprométese a, aportar en caso que se lle fose requirido, os tickets de compra que deron lugar o canxe dos bonos por parte dos clientes.

Así mesmo os negocios adheridos deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Situar en lugar visible na entrada dos establecementos os Distintivos Identificativos ou Cartelería da Campaña **“BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”**.
- b) Facer un uso responsable dos Bonos evitando calquera uso fraudulento dos mesmos.

7. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DOS BONOS.

Establécese unha única modalidade de bono:

Bono cun Valor de **30€ (IVE incluído)**

O bono terá a consideración de bono desconto para as compras e consumos realizados nos establecementos adheridos <https://www.comerciodemarin.com/establecementos>

Cada persoa poderá solicitar e obter 1 Bonos por DNI ou NIE (sempre orixinais); polo que só se poderá acumular un valor máximo de **30 €** por persoa.

Os bonos serán nominativos, xa que o importe figurará na súa tarxeta de fidelización dentro do club de fidelización “Comercio de Marín”



O número **Total de Bonos** que se porán á disposición será de: **600 unidades**. O importe dos Bonos non consumidos non será recuperable.

O importe dos 30€ que aparecerá na tarxeta de fidelización de cada cliente, poderá consumirse de xeito parcial, é dicir en varias compras, ou de xeito total nunha única compra. O comercio descontará o importe indicado polo cliente do bono, no momento da compra e gardará o ticket correspondente. Para descontar o importe dos bonos deberá acceder coas claves, na zona de acceso de tendas que aparece ao pé de páxina na web <https://www.comerciodemarin.com>

Os Bonos non son cambiabes por diñeiro en efectivo.

No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá retornar o importe íntegro do bono ao cliente. Para isto, deberá acceder a súa área privada e retornarlle o saldo ao cliente, mediante a anulación da operación inicial. Calquera dúbida poderá ponerse en contacto coa asociación. Non será posible a devolución de diñeiro en efectivo.

O prazo límite para gastar os Bonos rematará o 13 de marzo (este inclusive).

A adquisición dos Bonos, realizarase cumprimentando primeiramente o formulario que se habilitará para tal fin na web da asociación. O pago farase a través da plataforma tecnolóxica de pagos en liña Stripe. O cliente mercará un bono de 30€ pero pagará 20€, aplicando no momento do pago o cupón de desconto **BONO10 (sempre e cando sexa usuario do club de Fidelización “Comercio de Marín”).** Unha vez recibido o pago, acumularanse os 30€, na tarxeta de fidelización do cliente. **Se algún cliente accedese á compra directamente, saltándose a solicitude do bono, que se formaliza a través do formulario, non terá dereito ao bono e tampouco se lle reembolsará o importe.**

“A pasarela de pago é unha páxina segura de Stripe. Por normativa bancaria e antifraude, Stripe esixe recoller como mínimo o email do comprador. Non se solicitan datos de facturación nin dirección postal.” A ligazón para realizar o pago figurará xusto debaixo do formulario que se habilitará para mercar os bonos <https://buy.stripe.com/14AaEQ1fMfSC0IZ2jrabK00>

Para adherirse ao club de clientes “Comercio de Marín”, o cliente poderá facelo das seguintes formas:



- Descarga
Android: https://play.google.com/store/apps/details?id=com.comerciodemarin.app&pcampaignid=web_share.
- Descarga IOs: <https://apps.apple.com/es/app/comercio-de-marin/id6752963627>
- <https://www.comerciodemarin.com/rexistrarme>
- Presencialmente na sede social de Estrela de Marín (Rúa Real nº10 baixo), en horario de 09 a 14.
- Presencialmente nos lugares que se habiliten para tal finalidade e que se publicitarán previamente.

8. SOLICITUDE DOS BONOS PRESENCIAL

Coa finalidade de que a fenda dixital, se convirta nun obstáculo na descarga dos bonos, **habilitarase un stand da organización o sábado 14 de febreiro na Praza de Abastos, en horario de 09.30 a 12.30, para que as persoas interesadas en adquirir o bono o poidan facer co asesoramento debido.**

O prazo para descargar os bonos, comezará o venres 13 de febreiro ás 08:00, e estará aberto ata o fin dos fondos.

Co fin de fomentar o consumo local entre os veciños do municipio, establécese que a adquisición dos bonos, dirixirase a persoas empadroadas.

Non se entregarán Bonos a menores de idade.

Tendo en conta que a iniciativa pretende a dinamización e revitalización do consumo no Comercio Local e de Proximidade, queda excluído o gasto dos Bonos nos Supermercados, Grandes Áreas Comerciais, Hostelería e venda ambulante e os servizos profesionais.

Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario deberá indicar a seguinte información:

- a) Nome e apelidos.
- b) DNI ou NIE.



c) Número de teléfono móbil.

d) Correo electrónico (que deberá coincidir co insertado na pasarela de pago).

As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. O Concello de Marín e/ou a Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

Coa presentación da solicitude e a compra do bono os usuarios asumen o compromiso de canxear o 100% do valor do bono, nos establecementos que se adhiran á campaña.

9. DURACIÓN DACAMPAÑA

A adquisición dos bonos comezará o 13 de febreiro do 2026 ata o esgotamento.

O prazo límite para consumir os Bonos rematará o 13 de marzo de 2026 (este inclusive).

10. PROCEDEMENTO DE TROCO DOS BONOS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Para levar a cabo o troco dos bonos, os establecementos participantes deberán acceder a súa área privada de “Comercio de Marín”. Unha vez dentro, dirixiranse ao apartado de dixitalización “tarxeta de fidelización” / descontar saldo.

O programa pediralles cumprimentar o código da tarxeta de fidelización e o importe que da venta. Ademais especificará no apartado de “Detalle adicional” o que considere pertinente para localizar a operación en caso de necesitalo posteriormente.

O programa permite tamén:

- Consultar o saldo que ten o cliente.
- Anular unha operación.
- Consultar todos os movementos
- Consultar os movementos liquidados

AS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES AOS BONOS CANXEADOS NOS ESTABLECEMENTOS, REALIZARANSE EN 2* PAGOS

- Un a primeiros do mes de marzo.
- Outro unha vez pechado o prazo (se quedasen liquidacións pendentes)*

O CONCELLO e ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL LOCAL ESTRELA DE MARÍN RESÉRVANSE O DEREITO DE APARTAR PARA FUTURAS CONVOCATORIAS E DENEGAR A LIQUIDACIÓN DOS BONOS A AQUELES NEGOCIOS NOS QUE SE DETECTE UN USO FRAUDULENTO E LUCRATIVO DA CAMPAÑA.

RGPD

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RGPD), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados a través deste formulario serán tratados polo Concello de Marín, como Responsable do Tratamento, coa finalidade de xestionar a participación na campaña “BONOS 20/30 COMERCIO DE MARÍN”, verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases, tramitar a asignación dos bonos, controlar o uso dos mesmos e realizar as comprobacións necesarias para evitar usos fraudulentos.

Así mesmo, os datos serán tratados pola Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, en condición de Encargada do Tratamento, para a xestión operativa da campaña, incluíndo a validación de solicitudes, control de bonos, trazabilidade das operacións e comunicacións relacionadas coa iniciativa.

A base xurídica do tratamento é o interese público (art. 6.1.e RGPD) derivado da execución dunha campaña municipal de dinamización comercial, así como o consentimento da persoa interesada para aquelas comunicacións non estritamente necesarias para a xestión da campaña.

Para a adquisición dos bonos, o pago realizarase a través da pasarela segura de Stripe, plataforma tecnolóxica externa que actúa como responsable independente do tratamento



respecto dos datos que recolle para a execución do pago. Por normativa bancaria e antifraude, Stripe poderá solicitar datos mínimos como o correo electrónico do comprador, sen que se recollan datos de facturación nin dirección postal. Pode consultar a súa política de privacidade en: <https://stripe.com/es/privacy>

Os datos non serán cedidos a terceiros agás obriga legal ou ás entidades que interveñan na execución da campaña. Non se realizarán transferencias internacionais de datos agás as derivadas do uso da plataforma Stripe, que cumpre co marco regulatorio aplicable.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para a xestión da campaña e, posteriormente, durante os prazos legais de conservación aplicables para atender posibles responsabilidades.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, así como retirar o consentimento cando proceda, mediante solicitude escrita dirixida á Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, Rúa Real nº 10, 36900 Marín, ou a través do email info@comerciodemarin.gal . Así mesmo, poderán presentar reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos.

IAES PARTICIPANTES

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e despoxos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas en xeral (agás 647.4 e 647.5).

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652. Comercio polo miúdo de medicamentos, artigos de drogaría e limpeza, perfumaría e cosméticos (agás 652.1).

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción (agás 653.4).

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, pezas de roupa e utensilios ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659. Outro comercio polo miúdo.

972. Centros de perruquería e institutos de beleza

En Marín, a 06 de febreiro de 2026.